

Esiximos o Ministerio de Transportes, Mobilidad y Agenda Urbana que se repoña o estado anterior o cruce do vieiro de Segade de Arriba e Mariñoleira ca N640, de maneira que se poida completar o xiro cara o casco urbán.

- Fernando Pérez indica que os Populares de Caldas de Reis veñen de presentar unha moción para debatir no Pleno Ordinario do 27/1/2022 esixindo o Ministerio de Fomento que rectifique este cambio unilateral que levou a cabo no debandito cruce.
- O Des-Goberno municipal socialista era moi esixente cando o Ministerio era dirixido por un goberno do Partido Popular e agora que goberna o seu partido en Madridponse de perfil e permite cousas como este cambio levado a cabo de forma unilateral, sempre antepoñen os intereses de partido os intereses dos caldenses.

26, xaneiro, 22.- O Partido Popular ven de presentar unha moción que esperan que prospere ca unanimidade de todo o Pleno por ser un tema de vital importancia para todos os veciños afectados e sobre todo para a comunidade educativa e que condiciona gravemente o acceso o IES Aquis Celenis, centro que vai a adquirir unha relevancia fundamental tras a aposta da Consellería de Educación da Xunta de Galicia do Partido Popular que vai a levar a cabo un investimento na súa ampliación sen precedentes na educación pública de Caldas de Reis, cuantitativamente estase ante o maior investimento nun centro público de educación da historia do noso Concello.

A comunidade educativa, e os veciños dos lugares afectados, veñen de transmitirnos reiteradamente o seu profundo malestar por este cambio, que impide que se poida saír con dirección o casco urbano e que ademais se atoparon con esta novidade sin previo aviso.

Ese cruce é moi moi importante, por todo o exposto, polos veciños dos dous lugares afectados (Segade de Arriba e Mariñoleira) e polo acceso os centros educativos e o Pavillón de deportes, e polo tanto é preciso recuperar a situación anterior e permitir o xiro.

Se o Ministerio quere realmente buscar solucións reais e non parches baratos, podería aproveitar para construír nesa zona a demandada rotonda que permitiría ter unha capacidade de acceso completa e segura, e a súa vez provocar unha redución de velocidade que é moi oportuna ante a proximidade da piscina municipal, do perigoso cruce de acceso a Requeixada e Monteporreiro e do CPI Alfonso VII, todo elo situado escasos metros despois na mesma N640 en dirección o casco urbano.

O Des-Goberno municipal socialista debe esixir os seus en Madrid que se deixen de parches e fagan actuacións de verdade que redunden na solución dos problemas e na mellora da seguridade viaria e da calidade de vida dos caldenses.

Nos aínda lembramos cando presentaban mocións cada mes existindo o Ministerio de Ana Pastor, en aquel momento, una rehabilitación completa da ponte da Ferrería e agora xa se esquenceron, claro gobernan os seus e teñen que calar.

Nesta moción esiximos:

1. Se traslade o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Agenda Urbana e Demarcación de Carreteras de Galicia (Delegación de Pontevedra) a absoluta desconformidade do Pleno do Concello de Caldas de Reis co feito de cambiar a liña descontinua existente no entronque do vieiro de acceso a Segade de Arriba na N640 por a liña continua recentemente pintada, posto que resulta fundamental para todos os veciños dos dous lugares afectados (Segade de Arriba e Mariñoleira) e para o acceso os centros educativos, en especial o IES Aquis Celenis, e o Pavillón de deportes.

2. Se requiera o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Agenda Urbana e Demarcación de Carreteras de Galicia (Delegación de Pontevedra) que se consensúe co noso Concello unha solución definitiva e segura para lograr aumentar a seguridade viaria nesa zona, levando para elo a cabo as obras que resulten precisas, valorando a construción dunha rotonda, que permita que todos os usuarios da contorna (Segade de Arriba, Mariñoleira, Monteporreiro, Requeixada, etc) e os centros educativos non se teñan que xogar a vida todos os días, posto que as medidas adoptadas ata o de agora nin permitiron reducir a velocidade dos vehículos na contorna do CPI Alfonso VII (punto negro) e da Piscina Municipal Antía García, nin que os cruces deixen de ser perigosos.